

A portrait of a woman with dark hair and glasses, smiling slightly. She is wearing a grey cardigan over a blue lanyard. The background is a blurred indoor setting with vertical light patterns.

*Quero ser
investigadora*

Universidade de Vigo

5

**Estefanía
Paredes
Rosendo**

Edición

Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección

Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2025

D.L

VG 291-2025

ISBN

978-84-1188-063-3



Autora das fotografías

Charo Lopes

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades


Estefanía Paredes Rosendo

Estefanía Paredes
é unha muller de Moaña
que se dedica á ciencia.
Dirixe un laboratorio moi importante en Galicia
sobre **criobioloxía** mariña.

A criobioloxía mariña estuda
como conservar animais mariños conxelados
para poder usalos máis tarde.
Ademais, gústalle moito a música rock metal.

Criobioloxía

Rama da bioloxía
que estuda os efectos
da baixa temperatura
en seres vivos.



Que che gustaba cando eras nena?

Sempre fun unha nena moi curiosa.
Cando me dicían algo, quería saber máis.
Se unha resposta non me convencía,
investigaba eu mesma.
Gustábame entender o mundo e
iso fixo que me interesase pola ciencia.

Sabías que querías ser científica?

De pequena quería ser arqueóloga
porque me gustaba a historia.
Tamén escribía contos.
Cando tiveron que elixir unha carreira,
pensaba estudar medicina.
Pero a miña familia prefería que estudase
algo máis preto da casa.
Finalmente, entrei en Ciencias do Mar.
Agora non me imaxino facendo outra cousa.

Que é a criobioloxía mariña?

Traballamos con temperaturas moi frías,
de ata menos 200 graos,
para gardar animais mariños conxelados.
Poden estar así moitos anos e
despois podemos desconxelalos
cando os necesitemos.

Que científica che gustaría coñecer?

Gustaríame coñecer a **Louise Arner Boyd**.
Foi a primeira muller en sobrevoar o Polo Norte.
Aínda que eu traballo nun laboratorio,
admiro moito as científicas que viaxaron
para descubrir o mundo.

É importante viaxar para ser científica?

Non é obrigatorio, pero axuda moito.
Viaxar permitíume aprender de grandes expertos
e mellorar como investigadora.

Louise Arner Boyd

Exploradora que estudou
a xeografía, a diversidade
da vida, os seres vivos,
que existen no planeta
e as relacións
que establecen entre si
no Polo Norte.



Tes algunha frase que che inspire?

Se ninguén fixo algo antes,
por que non o vou poder facer eu?
Se alguén intentou algo e non funcionou,
podo aprender dos seus erros
e tentalo de novo.

Como axuda o teu traballo á sociedade?

O que facemos pode axudar á acuicultura
e á conservación dos animais mariños.
Traballamos con especies importantes en Galicia,
como o mexillón e a ameixa.

Axuda a conservar especies en perigo de extinción
e ten moitas aplicacións en acuicultura e medicina.

Queremos conseguir conxelar ovos de animais mariños.
Aínda non sabemos por que non se poden conxelar.
Se o conseguimos, axudaría moito á acuicultura.

Que mito sobre os científicos queres romper?

Non sabemos o nome de todos os animais.

A idea de que os científicos o saben todo vén do cine, pero non é real.

Canto deberíamos preocuparnos pola perda de biodiversidade mariña?

Moito porque a perda de especies pode ter efectos moi graves para o planeta e para a nosa propia vida.

Que podemos facer para coidar o mar?

O máis importante é a concienciación. Debemos entender que o mar non está aí só para o noso beneficio. Se non o coidamos, terá consecuencias para todos.

Biodiversidade

Refírese a todas as formas de vida que existen na Terra e aos ecosistemas onde viven. Isto inclúe:

- Animais.
- Plantas e árbores.
- Insectos, fungos e microorganismos.
- Ecosistemas como bosques, océanos, montañas e desertos.



UniversidadeVigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

